



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Aprobación modificación plan estratéxico de subvencións 2021-2023

ANUNCIO

APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2021-2023

O Pleno Municipal do Concello de Dodro, en sesión extraordinaria do 23 de xuño de 2022, acordou modificar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Dodro para o período 2021-2023, engadindo no artigo 13 as liñas de subvencións que se indican no Anexo:

ANEXO

ARTIGO 13. LIÑAS DE SUBVENCIÓNS

13.1. Área 5. Cultura.

Cultura	Área 5
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO	
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar e difundir o culto á memoria de Rosalía, de Manuel Murguía e dos seus fillos; conservar o conxunto da Casa-Museo de Rosalía e conservar e incrementar o patrimonio rosaliano dispoñéndoo para que poida ser contemplado e estudado.
b. Obxectivo específico	Visibilizar o patrimonio do noso concello (brañas de Laño, a veiga de Lestrobe, as Torres de Hermida)
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	1.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios
f. Procedemento de concesión	Subvención nominativa
g. Plan de actuación	Convenio

13.2. Área 6. Promoción turística e económica

Nesta área establécense tres liñas.

Promoción turística e económica	Área 6
ASOCIACIÓN ULTREYA, CICLISTAS EN ACCIÓN	
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o municipio de Dodro
b. Obxectivo específico	Promocionar os valores patrimoniais e particularidades identitarias do concelloco fin de que redunde na economía e na visualización exterior do municipio.
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	1.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Nominativa
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.

Promoción turística e económica	Área 6
ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO BARBANZA E SAR "A ORIXE"	
a. Obxectivo estratéxico	Recuperación da memoria histórica do Camiño de Santiago que na Idade Media e Moderna discorreu polo Concello de Dodro. Fomentar a pluridade de valores que concorren no entorno xacobeo, nas súas lendas, cultos e testemuñas, tanto antrópicos coma patrimoniais e paisaxísticos, que percorren o noso municipio.
b. Obxectivo específico	Promover o interese comunitario deste percorrido polo Concello de Dodro co fin de que redunde na economía e na visualización exterior do municipio.
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	1.500,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios
f. Procedemento de concesión	Nominativa
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.

Promoción turística e económica	Área 6
CLUBE CICLISTA PADRONÉS	
a. Obxectivo estratéxico	Promoción da comarca TERRAS DE IRIA, da que forma parte o concello de Dodro.
b. Obxectivo específico	Promover o interese comunitario polo Concello de Dodro co fin de que redunde na economía e na visualización exterior do municipio
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	1.500,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios
f. Procedemento de concesión	Nominativa
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.

O que se publica aos efectos oportunos

Dodro, 31 de agosto de 2022

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

2022/5453